ROBLEDO E PENA DA NOGUEIRA

Comunidade titular: Lugares de Robledo e Pena da Nogueira (Marentes, Negueira de Muñiz e Ibias)

Forma xurídica: MVMC

Superficie: 90 ha

N.º de comuneiras/os: 8 (4 mulleres, 4 homes)

N.º mulleres no órgano de goberno: 1 (de 3)

O río Navia ao seu paso polo monte de Robledo e Pena da Nogueira



Xardín de polinizadores Fernando Fueyo

CONTEXTO

Situación

O monte de Robledo e Pena da Nogueira encóntrase na parroquia de Marentes, na parte oriental do concello con menor poboación da Galiza. O territorio veciñal enmárcase na ladeira noroeste do Monte Robledo, con altitudes comprendidas entre os 250 e os 797 m (Os Fontaos), estando as cotas máis baixas no encoro de Salime. A ladeira é forte e está atravesada por dous regueiros, tributarios do río Navia. Limita ao norte co río Navia, ao leste co monte de Calabreo e ao suroeste co monte de Rioporcos. Os lugares de Robledo e Pena da Nogueira, titulares do monte veciñal, están a 10 km da cabeceira municipal, a case 90 km da cidade de Lugo e a 55 km de Cangas del Narcea.

Síntese histórica

O monte de Robledo e Pena da Nogueira é un semienclave da parroquia Santa María Madanela de Marentes, con cabeceira na aldea asturiana de Marentes, e separada do resto do Concello de Negueira de Muñiz polo encoro de Salime, inaugurado en 1956. Marentes foi un couto xurisdicional de seu, sendo a única localidade en todas as Terras de Burón e Negueira non sometida ao Castelo de Burón. O couto, formado por 8 aldeas das que hoxe 4 forman parte do Concello de Ibias e outras 4 do de Negueira, mantiña un castelo no lugar de Marentes, solar da Casa de Ibias, aínda que vinculado á Casa de Ron a partir do s. XVI. Hoxe, Robledo e Pena da Nogueira aínda forman parte eclesiasticamente da diocese de Uviéu.

Bolboreta (*Euphydrias aurinia*) tomando néctar dunha margarida

Píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*)

Coleópteros do xénero *Chasmatopterus* copulando nunha cistácea

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Belén Albor Nimo
Alberto Uría
Bruno Ruival

Vista do desfiladeiro do Bustelín (Ibias) desde o sendeiro do Souto de Humboldt

VALORES DE CONSERVACIÓN

Situado na Reserva da Biosfera Oscos, Eo e Terras de Burón e ao pé do río Navia, o monte de Robledo e Pena da Nogueira conta cunha gran diversidade de especies tanto de fauna como de flora, combinando as propias de climas atlánticos e oceánicos con outras máis comúns en climas mediterráneos. O monte encóntrase a 1,5 km da ZEC de Negueira e a uns 9 km do Parque Natural de Fuentes del Narcea, Degaña e Ibias. Boa parte do monte incluído na Reserva da Biosfera ten a condición de zona tampón. Na proposta de ampliación da Rede Natura 2000 do ano 2008, que non chegou a aprobarse, todo o monte formaba parte do LIC Terras de Burón. O monte linda co río Navia e o encoro de Salime, incluído no Inventario de Zonas Húmidas da Galiza.

No monte veciñal encóntranse soutos con castiñeiros centenarios (9260), constituíndo os elementos botánicos arbóreos máis relevantes dada a súa abundancia, composición, dimensións e idade. Os hábitats presentes favorecen a presenza de especies ameazadas, como o oso pardo (*Ursus arctos*) e o lobo (*Canis lupus*), e a presenza de formacións de érbedos facilita o encontro de fauna especializada, como a bolboreta *Charaxes jasius*.

Os censos de biodiversidade realizados no monte constataron a presenza de 9 especies de anfibios; 13 especies de morcegos; 37 especies de vespas; 21 escaravellos; 37 morfoespecies de moscas e 151 tipos de abellas. Entre as especies de quirópteros encontradas destacan o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*), o morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*) e o morcego de ferradura mediterráneo (*Rhinolophus euryale*), por encontrarse ameazados e, entre os anfibios, é salientábel a presenza de especies como a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), a píntega común (*Salamandra salamandra*), o pintafontes común (*Lissotriton boscai*), o pintafontes verde (*Triturus marmoratus*), o sapiño parteiro (*Alytes obstetricans*), o sapo raxado (*Dyscoglossus galganoi*), o sapo común (*Bufo spinosus*), a ra verde (*Pelophylax perezi*) e a ra patilonga (*Rana iberica*).

En termos de patrimonio cultural, destacan os hórreos, os muíños e as corripas, atopándose boa parte destas últimas no monte veciñal. Trátase de estruturas circulares ou ovaladas utilizadas para conservar as castañas.

Castiñeiros centenarios á beira do sendeiro do Souto de Humboldt

Visita guiada ao xardín de polinizadores Fernando Fueyo

BOAS PRÁCTICAS

O Souto de Humboldt

En 2023, a comunidade, en colaboración coa Asociación Corripa, con sede en Robledo e impulsada por comuneiros, recuperou un antigo sendeiro circular de 4,6 km que conectaba as aldeas de Robledo e Pena da Nogueira e levaba abandonado máis de 50 anos. O sendeiro, que atravesa bosques maduros, soutos e queirogais de grande interese, é utilizado para xerar un espazo dedicado á arte, á ciencia e á natureza. No percorrido, por medio da obra pictórica de Fernando Fueyo e David Despau, faise homenaxe a Linneo, Darwin, Humboldt, Maria Sibylla Merian, David Attenborough e Rosalía de Castro. Ademais, realizáronse censos de avelaíñas, bolboretas, dípteros, himenópteros, morcegos e anfibios e instaláronse paneis interpretativos sobre as abellas e as bolboretas da zona para fomentar o coñecemento e a importancia destes insectos. Por outra parte, a carón do sendeiro creáronse catro pozas para anfibios e restauráronse muros de pedra seca e dúas corripas.

Ecomuseo “El País del Abeyeiro”

O ecomuseo “El País del Abeyeiro”, gañador dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural 2024, é un espazo dedicado á apicultura tradicional e á investigación dos polinizadores silvestres onde dialogan a arte, a ciencia e a natureza. Se ben o ecomuseo é iniciativa dun dos comuneiros, trátase dun espazo integrado no monte veciñal a través do “Xardín de polinizadores Fernando Fueyo”, creado pola Asociación Corripa en 2022. Este xardín cultivado con plantas que atraen insectos polinizadores ten por obxecto a conservación, o coñecemento e a divulgación destes insectos. Os debuxos que Fueyo elaborou para este proxecto están presentes nos distintos sinais que identifican as plantas, as áreas de xardín e os propios insectos e zonas nas que viven. Para a construción do xardín plantouse flora atractiva para que os insectos encontrasen refuxio e alimento, creáronse tres pozas para favorecer a presenza de anfibios e un espazo de reprodución para os insectos acuáticos que, ao tempo, ofrece un punto de auga aos insectos polinizadores. Desta forma, o xardín está dividido en 4 zonas: especies aromáticas e ornamentais; pradeiras e froiteiras; especies forestais e especies hortícolas.

Retrato de Charles Darwin no Souto de Humboldt

Insectos polinizadores

Os insectos polinizadores son organismos que, ao alimentárense do néctar das flores, transportan o pole dunha planta a outra, facilitando a reprodución das especies vexetais. Entre os tipos principais de polinizadores destacan as abellas, as bolboretas, as avelaíñas, os escaravellos e as moscas. Estes insectos sosteñen a cadea alimentaria e contribúen á conservación da biodiversidade e a manter o equilibrio natural dos ecosistemas. A pesar da súa importancia, as poboacións de polinizadores están a reducirse dun xeito alarmante. As principais ameazas son a fragmentación dos hábitats, a explotación agrícola intensiva, o uso de pesticidas, a introdución de especies exóticas e o cambio climático.

Tres especies de polinizadores comparten o pole e o néctar dunha flor de *Centaurea nigra*

Apicultura tradicional e recuperación de cortíns

Na actualidade hai máis de 100 colmeas dispersas polo monte, cunha produción anual que varía, de media, entre 1 e 2 toneladas. Estas colmeas pertencen a varios comuneiros que desenvolven unha apicultura tradicional e sostíbel, procurando que a carga de abellas domésticas no territorio respecte a presenza e abundancia dos polinizadores silvestres. As colmeas pasan todo o ano nos mesmos lugares e as abellas non son alimentadas. Ademais, colócanse poucas colmeas en cada apiario, priorizando a convivencia das abellas cos polinizadores silvestres. En cada período do ano producese un tipo de mel, incluíndo o “mel de cortín” con predominancia de ericáceas e castiñeiro, cuxos beneficios íntegros son destinados a proxectos de conservación e posta en valor de cortíns, construcións circulares de grandes dimensións feitas con pedra seca para protexer as colmeas dos osos. Actualmente, a maioría dos cortíns encóntranse en estado de abandono tanto pola dificultade de acceso como polo cambio de modelo produtivo.

Interior do Ecomuseo El País del Abeyeiro

FONTES E RECURSOS

- Asociación Corripa (2023). *El Souto de Humboldt* [documental]. Dispoñíbel en: https://youtu.be/Zy2bKf6TAyc
- Fondo Documental do Monte Galego (1976). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Pena de Nogueira e Robledo. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/es/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-pena-de-nogueira-e-robledo-clasificado
- Uría Moreno, A. et al. (2022). *Guía del jardín de polinizadores Fernando Fueyo*. Negueira de Muñiz: Asociación Corripa.

A COMUNIDADE NA REDE

www.asociacioncorripa.org (web Asociación Corripa) www.mielouturelos.com (web Ecomuseo) asociacioncorripa

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.